

N. Expediente: 1366/2025 (Exp. Relacionado 1104/2025)
Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisión de Postos
Documento: Resolución
Asunto: CONTRATACIÓN PERSOAL GARANTÍA XUVENIL_2025 (TR350E 2025-21)

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DE BASES DA CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN, MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN, DUN POSTO DE PEÓN DE OBRAS PÚBLICAS AO ABEIRO DA ORDE DO 13 DE AGOSTO DE 2025 (GARANTÍA XUVENIL) (código de procedemento TR350E) (DOG núm. 160 de 22 de agosto de 2025).

En Meis, Dna, Marta Giráldez Barral Alcaldesa-Presidenta deste Concello, dicta a seguinte Resolución:

Vista a Resolución da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración de data 28 de outubro de 2025, ao abeiro da Orde do 13 de agosto de 2025 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas á contratación de persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da colaboración con entidades locais, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do Programa FSE + Galicia 2021 - 2027 (código de procedemento TR350E) (DOG núm. 160 do 22 de agosto de 2025), o Concello de Meis pretende a contratación laboral temporal, durante 9 meses, a xornada completa, na modalidade de contrato de traballo de interese social, de duración determinada vinculado a programas financiados con fondos europeos (Código: 406), para a realización de tarefas relacionadas maioritariamente co mantemento, limpeza e mellora de espazos públicos e infraestruturas municipais, co obxecto de proporcionarlle a experiencia e práctica profesional necesarias para a súa inserción laboral.

Esta Alcaldía, no uso das atribucións que lle competen de acordo co artigo 21, g) da Lei reguladora das Bases do Réxime Local, **RESOLVE:**

1. Aprobar as bases que rexerán a provisión, mediante concurso-oposición, da contratación dunha persoa desempregada, inscrita no Servizo Público de Emprego de Galicia como beneficiaria no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.
2. A ocupación a ofertar será a de un peón de obras públicas (código 9601), con carácter de laboral temporal durante nove meses a xornada completa.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE NA MARXE

